

Febreiro o mes do Amor

O amor é un sentimento moi especial que nos fai sentir felices e conectados coas persoas que son importantes para nós. Cando amamos a alguén, impórtanos moito como senten, queremos pasar tempo con eles e gústanos facer cousas boas por eles.

Podemos amar a moitas persoas na nosa vida. Podemos amar aos nosos pais, irmáns, avós, amigos e mesmo ás nosas mascotas. O amor non sempre se trata só das persoas da nosa familia, tamén podemos amar aos nosos amigos e ás persoas que nos importan moito.

O amor é un sentimento moi poderoso, a súa potencia e intensidade provoca que os seres humanos queiran representalo a través de diferentes manifestacións artísticas , desde a pintura, escultura, fotografía, música, cine, literatura....a través de todas elas podemos percibir como entende e expresa cadaquén o concepto de amor.

Imos ver como se pode representar AMOR a través de diferentes mostras artísticas.
(PPT)

Unha vez que remates de ver esta presentación invítote a que peches os ollos e penses naquelas persoas ou persoa que amas, naquelas cousas, obxectos, pensamentos, actitudes, momentos e todo aquilo que che fai verdadeiramente feliz, e penses como é a túa relación con isto, como é a túa forma de recibir e demostrar amor. Pode ser alguén da clase? alguén do cole?

ACTIVIDADES PROPOSTAS: (a elixir)

1. Unha vez visionado o PPT e reflexionar de xeito individual, expor en grupo

- En que parte do corpo sinto o amor?
- De que xeito recibo amor?
- Como son quen de demostrar amor?
- Como sei que é o amor?
- Cando falamos de amor que é o primeiro que me ven a cabeza?
- Que emocións sentes cando estás con alguén a quen amas?
- Que actos de amor presenciaches ou experimentaches?
- Comenta as seguintes frases:
 - O amor é sempre xenial.
 - O que non ten celos non está namorado. (San Agustín)
 - "Non mereces estar comigo"

CEIP TORRE DE HÉRCULES

2. Realizar un traballo artístico baseado no PPT comezando con frases do tipo

- O amor é
- O amor faime sentir.....
- O amor convérteche en
- O amor parécese a
- O amor atópase en
- O amor é coma
- Amor sona a
- Amor se sente como
- O amor sabe a

3. Realizar unha receita para conservar o amor sendo cariñoso por exemplo. Esta receita é do libro " Recetas de lluvia y azúcar"

RECETA PARA SER CARIÑOSO

1- Merendar un bocadillo de abrazos, con un poco de queso y un vaso de agua, porque a veces los abrazos son difíciles de tragar.

2- Practicar con un espejo de besos, empieza él y sigues tú.

3- Comprar una cajita de caricias; se vende en farmacias. El tamaño familiar es más económico y a veces regalan una palmada en la espalda.

4. Ser quen de reflexionar sobre o amor e falar das persoas ás que queremos, que facemos para manter o amor, como nos coidamos, como coidamos aos que queremos,...
Proponse reflexionar sobre estas preguntas e despois encher unha ficha e facer un mural con ela ou ben entregarlle á persona que queremos.